

AMBITO.

Localidade: Redondela

Comarca de: Vigo

Lugar de Realización: Casa da Cultura de Redondela.

Data: 21.04.2016

ASISTENCIA.

Nº de asistentes: 21

Nº non militantes asistentes: 4

Nº de militantes convocados: Todos

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoa a cargo das que recae a explicación do proceso:

Presentación a cargo do Responsable Local: Anxo Lusquiños.

A nivel local: Jessica García.

Representante Consello Nacional: Manuel Caride.

Nº de persoas que interviron: 12

Duración do encontro: 2 horas aprox.

Metodoloxía empregada: Disposición das cadeiras en circulo.

VALORACIÓN POR PARTE DO RESPONSABLE LOCAL DA TRANSCUROS DA REUNIÓN. Foi unha xuntanza participativa e cordial, no que se falou e debateu de cómo vemos o futuro do nacionalismo galego e que papel debe xogar ó BNG nese futuro.

PROPOSTAS PARA O DEBATE.

Situación dos recursos produtivos do país

A Unión Europea como problema para o desenvolvemento de Galiza

Modificar o discurso do BNG nas zonas urbanas

A emigración da xente moza

O nacionalismo galego e os medios de comunicación

A necesidade de discurso propio e definido

A necesidade de reconectar coas clases populares

RADIOGRAFIA DA GALIZA DE HOXE.

Destacase a situación de asfíxia económica na que se atopa o país e a ausencia de Galiza nas decisións que se toman en Madrid. Considerase que a pertenza do Galiza a UE, prexudica o noso desenvolvemento e botase de menos a contestación social. Recoñecese o papel desenvolvido polo nacionalismo galego (BNG) a prol da defensa de Galiza, aínda que tamén compre recoñecer erros.

No que atinxe a situación dos nosos sectores produtivos, a situación é cualificada como de desesperada, nomeadamente o mar e o sector agro-gandeiro. Considerase que somos un país empobrecido polas políticas da UE coa complicidade do goberno central e da propia Xunta de Galiza.

No tocante a papel do BNG, considerase que hai que comunicar mellor coa sociedade e ten que volver a ser o que foi, un referente social na loita por este país. Non abonda con dicir que somos nacionalistas e de esquerdas, hai que ofrecerlle a sociedade un proxecto crible para volver a reconectar con ela.

Tamén preocupa a marxinación da nosa cultura e da nosa lingua, xa que o noso idioma xoga un papel fundamental na conciencia nacional do noso pobo. Estámonos xogando a existencia como país.

ESTRATEGIA POLITICA DO NACIONALISMO GALEGO

Compre ter un discurso claro e sen ocorrencias, temos que ter propostas diferenciadas. Temos que reivindicar todo o que o BNG fixo por este país. Temos que ter orgullo de pertencer a esta organización, xa que ten sido o BNG quen ten movilizao a este país. Conclúese que ter abandonado as siglas do BNG, non foi unha boa estratexia. Temos que seguir no traballo social, aproveitar o noso paso polas institucións e intentar cambialas.

Hai que ofrecer a sociedade un proxecto nacionalista que sexa capaz de combater as políticas antisociais aplicadas polo Partido Popular, alí onde queira que goberna. Un proxecto nacionalista que sexa capaz de reverter as políticas sociolaborais deste país, que recupere os nosos sectores produtivos, que levante a marxinación da nosa cultura e da nosa lingua. En definitiva temos que ofrecer un proxecto nacionalista que devolva a dignidade a este país.